

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO DÍA 27 DE MARZO DE 2025

Na Casa Consistorial de Sobrado, sendo as 13:35 horas do día de referencia, previamente convocados, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as sres/as Concelleiros/as que compoñen a Corporación Municipal deste Concello, ao obxecto de celebrar sesión ordinaria do pleno baixo a presidencia do Alcalde, coas seguintes asistenciais:

ASISTENTES:

Presidente:

Luís Lisardo Santos Ares (PSdeG-PSOE)

Concelleiros/as:

Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE).
Alfonso Ríos Santos (PSdeG-PSOE).
Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE)
José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE).
Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE)
Jose Luis Rodríguez Ares (PSdeG-PSOE).
Samuel Márquez Santos (Grupo Mixto).

Non asiste:

Juan Vicente Aller Penas (PSdeG-PSOE).

Secretaria:

Alejandra D. Fandiño Sánchez

ORDE DO DÍA

PARTE RESOLUTIVA**1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO 7 DE FEBREIRO DE 2025.**

De conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, pola Presidencia pregúntaselles aos Sres. Concelleiros asistentes se teñen algo que obxectar respecto da redacción da acta da sesión ordinaria do 7 de febreiro de 2025.

Acto seguido a Presidencia somete a votación este punto da Orde do día, acadando o resultado seguinte:

Votos a favor (7:): Luis Lisardo Santos Ares, , Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE), Alfonso Ríos Santos (PSdeG-PSOE), Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE), Jose Luis Rodríguez Ares (PSdeG-PSOE), Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE), e José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE).

Votos en contra (0) :

Abstencións:(1): Samuel Márquez Santos (Grupo Mixto)

Polo que quedan aprobado o borrador da acta da sesión extraordinaria de 7 de febreiro de 2025.

2.-APROBACIÓN DEFINITIVA DO INVENTARIO DE BENS E DEREITOS DO CONCELLO DE SOBRADO .

Dáse lectura á proposta da alcaldía que transcrita literalmente di:

“EXPEDIENTE 2024/X999/000057.

INVENTARIO DE BENS. Resolución alegacións e aprobación definitiva.

PROPOSTA DE ALCALDÍA

A resolución da Presidencia da Deputación número 2022/40170, de 26 de setembro de 2022, seleccionou a este Concello para incluílo na 1ª anualidade do Proxecto de Elaboración de Actualización dos inventarios de bens e dereitos para as entidades locais da provincia da Coruña, que desenvolve a Deputación, a través do Servizo de Orzamentos e Asistencia Económica a Municipios e a empresa Estudio Técnico Galego, S.A., que resultou adxudicataria da asistencia técnica.

O día 24 de novembro de 2023, entregouse neste Concello o Inventario municipal, en acto ao que concorreron representantes da Deputación e da empresa.

Revisada a documentación polos servizos técnicos, foi requerida á empresa Estudio Técnico S. A, adxudicataria da asistencia técnica, en varias ocasións, para a corrección dos erros detectados na documentación presentada o 24 de novembro de 2023.

O 16 de outubro de 2024, a empresa Estudio Técnico Galego S.A, adxudicataria da asistencia técnica, remite ao Concello o Inventario de Bens e Dereitos do Concello de Sobrado, unha vez realizadas as correccións oportunas.

O 8 de novembro de 2024 o Pleno da Corporación por maioría absoluta acordou aprobar inicialmente o Inventario de bens e dereitos que corresponden a esta Entidade formado o día 16 de outubro de 2024 e abrir un período de información pública polo prazo de 20 días mediante a publicación no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica municipal, a fin de que calquera persoa física ou xurídica poida examinar o expediente e formular alegacións no seu caso.

O 14 de novembro de 2024 publicouse no BOP núm. 220 o anuncio de aprobación inicial do inventario de bens e dereitos do Concello de Sobrado, publicándose na sede electrónica do Concello o citado Inventario.

O 17 de decembro de 2025 emítese certificado relativo ás alegacións presentadas durante o período de exposición pública onde consta a alegación presentadas por José Manuel Merelas Vallo o día 2.12.2024 RE 202490000000678.

Vista a alegación e documentación que acompaña, presentada por José Manuel Merelas Vallo, co RE 202490000000678 de 2 de decembro de 2024, na que solicita excluir do Inventario de Bens e Dereitos do Concello de Sobrado o Campo da Feira das Cruces.

Visto o informe favorable do equipo redactor do PXOM de data 11 de decembro de 2006, no que se estimaba e modificaba a titularidade dos terreos do campo da feira das Cruces de municipal a veciñal.

Visto o informe de alcaldía de data 06.03.2025.

Visto o informe de secretaría de data 18 de marzo de 2025.

Tal e como consta na nota simple informativa expedida polo Rexistro da Propiedade de Arzúa a a finca denominada “Campo da Feira” chamado “As Cruces”- (código bens 15080000010, 15080000005, 15080000006 e 15080000007) é titularidade en proindiviso de pleno dominio de varios titulares: Gómez Sánchez, Angel, Villar Corral, José, Gómez García Ramón, Estraviz García David etc., polo que procede estimar a alegación e excluila do Inventario Municipal.

Na fase de exposición pública do PXOM presentouse a mesma alegación que foi aceptada e no documento de aprobación definitiva do PXOM se modificou a titularidade dos terreos de municipal a vecinal.

À vista do exposto , esta alcaldía, propón ao Pleno , a aprobación do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.. Estimar a alegación presentada por José Manuel Merelas Vallo, co RE 202490000000678 de 2 de decembro de 2024 e excluír do Inventario de Bens e Dereitos do Concello de Sobrado o Campo da Feira das Cruces. procedendo a excluír do Inventario Municipal os seguintes inmobles:

15081A006006500000AG,15081A006007030000AU,15081A02601166000ATe15081A011009040000AI LG CRUCES GRIXALBA SOBRADO (A CORUÑA) Suelo sin edificar IDENTIFICACION TITULAR. proindiviso de pleno dominio de varios titulares: Gómez Sánchez, Angel, Villar Corral , José Gómez García Ramón, Estraviz García David etc...

SEGUNDO. Aprobar definitivamente o Inventario de bens e dereitos cuxo resumo por epígrafes é o seguinte:

CATEGORÍA	EUROS
Inmobles	26.214.412,74€
Dereitos Reais	
Mobles de carácter histórico-artístico ou de considerable valor económico	
Valores mobiliarios, créditos e dereitos de carácter persoal da corporación	
Vehículos	335.473,43 €
Semovientes	
Mobles non comprendidos nos anteriores enunciados	176.171,02 €
Bens e dereitos reversibles	
TOTAL	26.726.057,19 €

TERCEIRO. Publicar a información actualizada no portal de transparencia municipal para os efectos de cumprir coa normativa Estatal e Autonómica nesta materia.

CUARTO. Remitir copia do inventario á Administración do Estado e ó órgano competente da Comunidade Autónoma (Dirección xeral de Administración Local), en Cumprimento do precepto do artigo 32 do Regulamento de Bens das Entidades Locais.”

Inicianse as intervencións polo sr. alcalde que explica que durante o proceso de exposición ao público do inventario de bens presentouse unha alegación por un veciño de As Cruces, aportando nota simple informativa do Rexistro da Propiedade que acredita que o Campo de As Cruces non é de titularidade municipal senón vecinal tal como sucedeu no procedemento de aprobación do PXOM no ano 2009 no que presentaron a mesma alegación, que foi aceptada, e no documento de aprobación definitiva do PXOM se modificou a titularidade dos terreos de municipal a veciñal.

O concelleiro José Antonio Veiga Sánchez solicita que o Concello se poña en contacto cos propietarios para iniciar negociacións a fin de que dito ben pase a ser municipal.

Acto seguido a Presidencia somete a votación este punto da Orde do día, acadando o resultado seguinte:

Votos a favor (7:): Luis Lisardo Santos Ares, , Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE), Alfonso Ríos Santos (PSdeG-PSOE), Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE), Jose Luis Rodríguez Ares (PSdeG-PSOE), Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE), e José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE).

Votos en contra (0) :

Abstencións:(1): Samuel Márquez Santos (Grupo Mixto)

3.- APROBACIÓN INICIAL DE ORZAMENTO DE 2025 , AS BASES DE EXECUCIÓN E A PLANTILLA DE PERSOAL.

Polo sr. alcalde expón que este punto da orde do día, queda sobre a mesa para a seguinte sesión, a efectos de incorporar ao expediente a acta de negociación coa delegada de persoal e os sindicatos sobre a plantilla e as retribucións do persoal no exercicio 2025.

4.-.RESOLUCIÓN DE DISCREPANCIA: REPARO SUSPENSIVO DE INTERVENCIÓN EXP. 2025.X999.0000.

Dáse lectura á proposta da alcaldía que transcrita literalmente di:

ASUNTO: RESOLUCIÓN DE DISCREPANCIA: REPARO SUSPENSIVO FORMULADO POR INTERVENCIÓN

Visto que con data 07/03/2025, formulouse reparo suspensivo ao recoñecemento das obrigas por parte da Intervención deste Concello sobre as seguintes facturas polo importe de 38.636,58€ :

RAZÓN SOCIAL	CONCEPTO	Nº FACTURA	DATA EXPEDIC.	DATA REXISTRO	APLICACIÓ N ORZAMENT	IMPORTE
OBRAS Y VIALES DE GALICIA S.L.	Reparación de acceso a núcleo de Vallo dende Pousada hacia Nogueira (Reparación de acceso a núcleo de Vallo dende Pousa	EO25 1006	27/01/2025	28/01/2025	454.61900	15.266,57
MACBAR AND BECK CONSULTING, SL	Promoción cultural "Festa da Troita" Concerto "Seguridad Social"	25 6	13/02/2025	13/02/2025	338.22609	21.780,00
TRASPOME S.L.	MOBILIARIO LOCAL SOCIAL DE NOGUEIRA. SOFÁ CAHISE LONGUE 240 CELA / MESA COCINA 110X70 ISADORA / SILLA COCINA YOLANDA / MESITA 2 CAJONES READY	A-197	05/03/2025	06/03/2025	337.62500	1.590,01

Polos seguintes motivos:

CONCLUSIÓN

Este informe realízase exclusivamente a efectos da intervención previa prevista na normativa vixente e manifestando expresamente a non valoración das circunstancias de oportunidade, necesidade ou urxencia que motivan o acto suxeito a control.

. Esta intervención EMITE NOTA DE REPARO SUSPENSIVO ao recoñecemento da obriga das seguintes facturas:

RAZÓN SOCIAL	CONCEPTO	Nº FACTURA	DATA EXPEDIC.	DATA REXISTRO	APLICACIÓ N ORZAMENT	IMPORTE
OBRAS Y VIALES DE GALICIA S.L.	Reparación de acceso a núcleo de Vallo dende Pousada hacia Nogueira (Reparación de acceso a núcleo de Vallo dende Pousa	EO25 1006	27/01/2025	28/01/2025	454.61900	15.266,57
TRASPOME S.L.	MOBILIARIO LOCAL SOCIAL DE NOGUEIRA. SOFÁ CAHISE LONGUE 240 CELA / MESA COCINA 110X70 ISADORA / SILLA COCINA YOLANDA / MESITA 2 CAJONES READY	A-197	05/03/2025	06/03/2025	337.62500	1.590,01

polos seguintes motivos:

-Insuficiencia de crédito presupostariosuficiente e/ou axeitado no orzamento 2025 na partidas orzamentarias

-Omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais.: non cumprimento do artigo 118 LCSP(informe de necesidade, non fraccionamento do obxecto do contrato, memoria-orzamento das obras e informe técnico segundo o disposto nas bases de execución.) e non se acredita a realización da prestación mediante informe técnico.

Por outra banda, a seguinte factura, que tivo entrada no rexistro contable no presente exercicio de 2025, se corresponde con servizos prestados no exercicio anterior, aínda que existe crédito presupostario suficiente no momento actual, non o tiña no momento do seu devengo (2024) crédito suficiente e/ou axeitado e deberá ser tramitada a través dun expediente de Recoñecemento extraxudicial de créditos:

RAZÓN SOCIAL	CONCEPTO	Nº FACTURA	DATA EXPEDIC.	DATA REXISTRO	APLICACIÓ N ORZAMENT	IMPORTE
MACBAR AND BECK CONSULTING, SL	Promoción cultural "Festa da Troita" Concerto "Seguridad Social"	25 6	13/02/2025	13/02/2025	338.22609	21.780,00

Cando o órgano xestor non acepte o reparo formulado polo órgano interventor no exercicio da función interventora, formularalle ao presidente da entidade local unha discrepancia.

Malia o disposto no número anterior, corresponderá ao Pleno a resolución das discrepancias cando os reparos:

a) Se baseen en insuficiencia ou inadecuación de crédito.

Esta intervención como xa expuso considera que estamos en presenza de actos nulos de pleno dereito e que procede a revisión de oficio"

Esta alcaldía entende que debe aprobarse o recoñecemento da obriga por tratarse de obras , servizos e suministros necesarios, que efectivamente se prestaron , que constan coa miña conformidadee e que o non pago das mesmas entraría en colisión coa teoría do Enriquecemento Inxusto amplamente recoñecido pola nosa doutrina.

Vista a documentación que acompaña e de acordo co establecido no artigo 217.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no concernente ao órgano que ten que resolver as discrepancias,esta alcaldía propón ao pleno a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Resolver a discrepancia plantexada pola Intervención e que se continue co procedemento e imputar o gasto ao presuposto definitivo para o exercicio 2025 a aprobar na presente sesión plenaria e, unha vez aprobado, que se proceda ao recoñecemento extraxudicial de crédito polo Pleno."

Non se producen intervencións e acto seguido a Presidencia somete a votación este punto da Orde do día, acadando o resultado seguinte:

Votos a favor (7:): Luis Lisardo Santos Ares, , Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE), Alfonso Ríos Santos (PSdeG-PSOE), Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE), Jose Luis Rodríguez Ares (PSdeG-PSOE), Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE), e José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE).

Votos en contra (0) :

Abstencións:(1): Samuel Márquez Santos (Grupo Mixto)

5.-RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS Nº 2/2025.

Dáse lectura á proposta da alcaldía que transcrita literalmente di:

“EXPEDIENTE: 2025/X999/000024

ASUNTO: RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS Nº 2/2025

PROPOSTA ALCALDÍA

Vista a existencia dunhas obrigas económicas pendentes de pago e cuxo importe ascende a **21.962,00€:**

RAZÓN SOCIAL	CONCEPTO	Nº FACTURA	DATA EXPEDIC.	DATA REXISTRO	APLICACIÓ N ORZAMENT	IMPORTE
MACBAR AND BECK CONSULTING, SL	Promoción cultural "Festa da Troita" Concerto "Seguridad Social"	25 6	13/02/2025	13/02/2025	338.22609	21.780,00
CARLOTA ALVAREZ SESAR	SERVICIOS PODOLOGICOS	B 78	30/11/2024	14/02/2025	231.22799	182,00

	NOVIEMBRE 2024 (MARIA ANUNCIA CABADO VAZQUEZ CARMEN CASTRO PAZOS MERCEDES SEOANE COUCEIRO M ISABE					
--	--	--	--	--	--	--

Visto que quedou acreditado que as obrigas económicas pendentes se considera indebidamente adquiridas por concorrer algún/vos de os supostos que recolle o Tribunal de Contas na súa clasificación de obrigación indebidamente adquirida e outras fronteiras informadas favorablemente e se atopan pendentes de aprobación e pagamento.

Visto o informe de de secretaría -intervención de data 14.03.2025.

Á vista dos seguintes antecedentes,

Esta alcaldía, propón ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar o recoñecemento extraxudicial dos créditos seguintes e aplicar, con cargo ao Orzamento prorrogado do exercicio 2025 os correspondentes créditos, con cargo ás aplicacións orzamentarias sinaladas, pola cantidade de 21.962,00 € por considerar que existen razóns de interese público que aconsellan non acudir á vía da revisión de oficio polos graves prexuízos que iso podería ocasionar para os administrados e para os terceiros que actúan de boa fe e por tratarse de servizos efectivamente prestados e que foron conformados pola alcaldía:

RAZÓN SOCIAL	CONCEPTO	Nº FACTURA	DATA EXPEDIC.	DATA REXISTRO	APLICACIÓ N ORZAMENT	IMPORTE
MACBAR AND BECK CONSULTING, SL	Promoción cultural "Festa da Troita" Concerto "Seguridad Social"	25 6	13/02/2025	13/02/2025	338.22609	21.780,00
CARLOTA ALVAREZ SESAR	SERVICIOS	B 78	30/11/2024	14/02/2025	231.22799	182,00

	PODOLOGICOS NOVIEMBRE 2024 (MARIA ANUNCIA CABADO VAZQUEZ CARMEN CASTRO PAZOS MERCEDES SEOANE COUCEIRO M ISABE					
--	---	--	--	--	--	--

Non se producen intervencións e acto seguido a Presidencia somete a votación este punto da Orde do día, acadando o resultado seguinte:

Votos a favor (7:): Luis Lisardo Santos Ares, , Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE), Alfonso Ríos Santos (PSdeG-PSOE), Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE), Jose Luis Rodríguez Ares (PSdeG-PSOE), Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE), e José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE).

Votos en contra (0) :

Abstencións:(1): Samuel Márquez Santos (Grupo Mixto)

CONTROL E SEGUIMIENTO DA XESTIÓN

6.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DE ALCALDÍA 51.2025 DE 30.01.2025 A 121 .2025 DE 20.01.2025.

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dase conta aos concelleiros das resolucións da alcaldía da nº 51/2025 a 121/2025.

7.-DAR CONTA DA APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO EXERCICIO 2024.

Dase conta da aprobación da liquidación do exercicio 2024 por resolución de alcaldía nº 56 de 05/02/2025.

A Corporación dase por enterada.

8. DAR CONTA DO INFORME DE SECRETARÍA INTERVENCIÓN SOBRE OS REPAROS E OMISIÓNS DA FUNCIÓN INTERVENTORA DO EXERCICIO 2024 EN CUMPRIMENTO DO ESTABLECIDO NO ARTIGO 218.1 DO RD LEXISLATIVO 2/2014, DE 5 DE OUTUBRO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI REGULADORA DAS FACENDAS LOCAIS.

Dase conta do informe de secretaría -intervención de data 19/03/2025 de reparos de legalidade , omisións da función de fiscalización e principais anomalías detectadas en materia de ingresos de 2024.

A Corporación dase por enterada.

9.- DAR CONTA DO INFORME DE SECRETARÍA-INTERVENCIÓN SOBRE O CONTROL INTERNO DE 2024.

Dase conta do informe de secretaría-intervención de data 26/03/2025 de control interno do ano 2024.

A Corporación dase por enterada.

10.- DAR CONTA DO INFORME DE SECRETARÍA-INTERVENCIÓN DE AUDITORÍA DO REXISTRO CONTABLE DE FACTURAS DE 2024.

Dase conta do informe de secretaría-intervención de data 14/02/2025 de auditoría do rexistro contable de facturas de 2024.

A Corporación dase por enterada.

11.- MOCIÓNS DE URXENCIA

O sr. alcalde , en virtude do establecido no artigo 91.4 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta se algún

grupo municipal desexa someter á consideración do Pleno , por razón de urxencia, algún asunto non incluído na orde do día e que non teña cabida no turno de rogos e preguntas.

Non se plantexa ningunha moción

12.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 13:52 horas, o Alcalde levanta a sesión, do que eu, como secretaria , dou Fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE